



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo



Acta Comité Ambiental
Green Campus
24/4/2015

Anexo: Lista de Asistentes

O Reitor procede á apertura da reunión, ás 13:40 hs., desculpando a asistencia de D. Roman Lago, D. Javier Rial, D^a. Catalina Mosquera e o representante de COGAMI, Paulo Fontán e dando a benvida a D. José Ramón Sánchez Moro, Presidente de ADEAC.

O presidente de ADEAC dirixe unas verbas á Comisión, respostando á benvida.

Dentro do punto da orde do día “Informe do Reitor”, anunciase a renovación do convenio marco anual entre a Universidade de Vigo e ADEAC, cuxo acto de sinatura celebrárase ao remate da reunión.

O Reitor tamén informa da Elaboración da Ecoauditoría Interna 2013 así como do Documento Marco e os primeiros traballos desenvolvidos entre os que se cita, ademais da Ecoauditoría, os traballos para a redución de consumos, o Proxecto Tangram, a mellora da sustentabilidade das actividades deportivas e o Pavillón Universitario incluíndo o Concurso “Pavillón Verde”. Anúnciase que toda esta información será publicada na web da Vicerreitoría que actualmente está a implementar un apartado correspondente ao Green Campus. O Reitor expresa o seu agradecemento a D^a Antonia Blanco como impulsora de este proceso.

Asemade, o Reitor destaca a importancia da recente modificación do Comité Ambiental que permitiu incluír membros do alumnado, do PAS e a participación de entidades como o Concello de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra, COGAMI e Asociación Vaipolorío, aos que agradece o seu interese en participar no Green Campus.

Infórmase, asemade, que todos os centros do Campus constituíron as súas Comisións Ambientais.

No eido da Información e Comunicación expónse que se levaron a cabo, entre outras, as seguintes actividades: Difusión en promoción nos centros (deseño e reparto de flyers,

instalación de stands,...), publicación semanal de novas ambientais, deseño e envío de cuestionario sobre o Green Campus aos membros da comunidade universitaria, adaptación da web institucional, etc

No seguinte punto procédese ao análise de Declaración Ambiental do Campus que xa fora previamente circulada, abríndose unha quenda de intervencións.

D. Celso Cancela intervén expoñendo que a Declaración Ambiental é un paso inicial dentro de metodoloxía do Green Campus. Asemade afirma que debido a necesidade de ser publicada na web a súa natureza é de documento breve que pode ser facilmente difundido entre provedores e entidades relacionadas co Campus. Tamén fai notar que a Declaración Ambiental é un documento dinámico que pode ser modificado e mellorado co tempo.

O Reitor complementa esta intervención afirmando que a Declaración Ambiental é unha declaración institucional xenérica sobre a que débese ir construíndo o Green campus.

D^a Antonia Blanco intervén para salientar que malia a súa simplicidade o documento que se trouxo ao Comité inclúe tódolos aspectos de terían de ser tratado por un documento deste tipo.

D. Jose Ramón Sánchez Moro fai a suxestión metodolóxica de incluír expresamente Green campus no título ou no encabezado da Declaración. Asemade, afirma botar de menos algún aspecto máis global de forma expresa no documento e suxire a inclusión dunha liña sobre o asunto na Declaración.

Sen mais intervencións, procedese á aprobación por asentimento do documento presentado cas suxestións arriba expostas.

Pásase ao punto da orde do día “Plan de Acción Green Campus” ca primeira intervención do Reitor que expón que o Green Campus forma parte do proceso especializador do Campus CREA e que, polo tanto, o seu Plan anual, ten que vir relacionado co dito proceso. Cede a palabra a D. Celso Cancela que explica a orixe do Plan de Acción no que para cada unha das 8 áreas temáticas do Green Campus establecéronse Obxectivos, Accións, Responsables e Programación segundo a o disposto por ADEAC. Expón que o deseño do Plan foi levado con criterios de pragmatismo e realismo, de xeito participativo, con achegas de todos os centros e da Unidade Técnica, e mesmo ca elaboración dunha enquisa co fin de recibir novas ideas. Ao longo do proceso foron detectadas elevadas doses de compromiso. Considera que a implicación de entidades como Concello, Deputación, COGAMI ou Vaipolorío redunda

neste xeito de traballar. Expón que o borrador de Plan foi remitido a ADEAC o 27/2 para recibir as súas achegas que foron incorporadas. O Plan inclúe algunhas actuacións que se atopan moi avanzadas como “Constrúe en Verde” ou o “Concurso de Microrrelatos” ou medidas en execución como melloras na eficiencia enerxética, iluminación, etc..

Toma a palabra D. Jose Ramón Sánchez Moro para expresar a súa satisfacción ca actitude e funcionamento da implantación do Green Campus no Campus de Pontevedra. Salienta que a concesión do distintivo terá unha tripla xustificación: Salientar o traballo feito, estimular a mellora e servir de exemplo a terceiros. Expresou a súa vontade de ir o suficientemente apresa para avanzar pero suficientemente amodo para evitar que outras iniciativas similares noutros lugares queden descolgadas, ou mesmo que xurdan imprevistos pola precipitación. Gustaríalle saber cal é a porcentaxe actual de poboación universitaria en Pontevedra que sentiría que colaborou en acadar a Bandeira Verde.

D^a Antonia Blanco, resposta afirmando que a comunidade universitaria e as entidades vencelladas ao proxecto xa son conscientes do comezo do mesmo e están colaborando, pero que é necesaria a paraugas da entidade, a protección da “marca” para potenciar o proceso.

D^a Silvia García valora o traballo feito, e a implicación de alumnos e o interese en mellora pero engade que a día de hoxe as Comisións Ambientais dos centros teñen unha aparencia de seren simplemente unha comisión máis dos centros.

D. José Ramón Sanchez Moro pide agardar dous meses para avaliar a progresión e comprométese a acelerar o proceso trala presentación das bandeiras Azuis por ADEAC o 14 de maio.

O Reitor toma a palabra e considera que o Plan de Acción supón un compromiso tanxible cun xeito de facer e traballar e manifesta a vontade e oportunidade de adquirir unha imaxe de marca internacional.

Sen máis intervención neste punto, o Plan de Acción queda aprobado por asentimento dos presentes.

No apartado de Rogos e Preguntas o Vicerreitor do Campus de Pontevedra adianta vontade da institución de orientar a mirada do Campus cara o Río Lérez co fin de incorporalo as súas actividades. Dese xeito buscarase establecer convenios con Clubes de Piragüismo, organizar Cursos de Salvamento e Socorrismo, e mesmo empregar a Praia Fluvial anexa ao Campus, para o que se farán os oportunos contactos co Concello.

En sen más asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:45 hs.